

'CASO STEINER' ▶ Unhas declaracions de George Steiner, un dos intelectuais de maior peso no mundo, nas que se alborizaba dunha suposta obrigatoriedade do galego nunha universidade, fixeron reaccionar con indignación ao medio intelectual galego. No trasfondo, asúmese que o problema está no escaso coñecemento da cultura galega no exterior.

O galego, fillo dun deus menor?

«¡Pero no me compare el catalán con el gallego! El catalán es un idioma importante, con una literatura impresionante. Pero el gallego, ¿por qué ha de ser obligatorio en una universidad?»

(GEORGE STEINER AL DÍA Y PUZU EN UNA ENTREVISTA EN EL PAÍS)

TEXTO JAUREGUIZAR
FOTOGRAFÍA AEP

AS OPINIÓNS DE George Steiner son atendidas nos ámbitos literarios e do pensamento con detenimiento e devoción. Doutorouse en Literatura e Filosofía en Cambridge, e estudiou Matemáticas e Física en Harvard e Chicago; Steiner fala e escribe en francés, inglés, alemán e italiano. Juan Cruz entrevistouno para *El País*.


Nun momento da conversa, o pensador vira na conversa para apuntar que «me han dicho que hay una universidad en España en la que es obligatorio hablar en gallego». Cruz apunta que «igual que es obligatorio en Cataluña compartir el catalán con el castellano». O retruque parece enfurecer a Steiner, que solta da queda a frase da polémica: «¡Pero no me compare el catalán con el gallego! El catalán es un idioma importante, con una literatura impresionante. Pero el gallego, ¿por qué ha de ser obligatorio en una universidad?».

A apreciación empezou corren do polos blogs galegos e acabou

a súa carreira cun despręgue en varios periódicos do país. O estupor foi xeralizado e intenso. O Pen Club de Galicia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e A Mesa pola Normalización Lingüística (MNL) publicaron manifiestos de rexeitamento e houbo artigos e declaracions de numerosos persoeiros da cultura galega, entre os que figuran Miguel Anxo Fernández Vello, Craig Patterson, Manuel Rivas, Suso de Toro, ou Helena Villar Janeiro.

Nun primeiro momento, a reacción dirixíuse á persoa que pronunciara esa opinión atribuindolle ignorancia na maioría das opinións. Nunha segunda fase, o entrevistado foi acusado dunha variedade de reacciones negativas ás palabras de Steiner, indo desde a frialdade ata a complicidade.

Juan Cruz séntese especialmente amoldado polo comunicado do Pen Club, que afirmaba que «non cabe dúbida ningunha de que Juan Cruz aproveitou as declaracions de George Steiner para botar leña ao lume na actual situación lin-



George Steiner

güística e literaria no Estado das Autonomías, co 'Manifesto por la lengua común' como telón de fondo. Pouco lle debemos agradecer a partir de agora, ao simpático e pernoso novelista, que acostuma a

festexar os chistes de gallegos, os que loitámos, dia a día, en Galicia e nos foros internacionais, pola pervivencia da literatura de nós».

O xornalista do grupo Prisa preguntose «qué se esconde detrás de

la nota del Pen gallego y porque han manipulado la entrevista para hacerme responsable de las opiniones de Steiner». Cruz, que remarca que «he sido siempre un gran defensor y he apoyado todo lo que he podido a la cultura y la literatura gallega», entende que a postura do Pen gallego «no esconde una verdadera preocupación por la cultura gallega y su importancia, sino una animadversión hacia mi persona que yo no creo merecer».

Como consecuencia, Cruz pide unha rectificación. O diario electrónico Xornal.com sumáse a esa petición no editorial 'En defensa de Juan Cruz, amigo de Galicia', no que condena o texto do Pen e argumenta que «os comentarios del Pen Club de Galicia, demolidores con Juan Cruz, só pueden repararse mediante disculpas públicas».

PROXECCIÓN. Despois da trebada, escampou e blogueiros como o editor Manuel Bragado (*bjetemas.blogspot.com*) ou o escritor Alfredo Ferreiro (*olevantedordeminas.blogspot.org*) abren a terceira via e empiezan a buscar o trasfondo do asunto. O doutor en Filoloxía Arturo Casas achega o seu punto de vista nun artigo dirixido á motivación de tantas e tan emocionadas reacciones indicando que «o problema de fondo do caso Steiner semella ser dobre: a nosa representación exterior e a afectación diso sobre a nosa lexitimidade cultural/nacional».

Reacciones

«Non faltamos a Cruz; dixemos que quedou calado»

Luis González Tosar

Presidente do Pen Club de Galicia

«Pasma que diga que hai lingua non universitarias»

Carlos Callón

Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

«En Portugal o gallego e coñecido só por intelectuais»

António Luís Catarino

Director da editora portuguesa Deriva

«Temos que mudar o descoñecemento en oportunidade»

Manuel Bragado

Director de Edicións Xerais de Galicia

«Ten unha opinión de ignorante sendo un gran sabio»

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega

«Non sei se na vindeira xuntanza da directiva do Pen, que trataríamos sobre a petición de desculpas que nos fixo Juan Cruz. O modelo de entrevista que lle fixo a Steiner dálle oportunidade a replicar, de dicírle a ese señor, con boas formas, que o que está dicindo é unha barbaridade. A miña opinión persoal é que non se vai modificar o comunicado, non temos nada que debater. El pide que lle pidamos desculpas, pero non lle faltamos, dixémoslle que quedou calado cando debía falar, alá él, os seus motivos tería. Imos enviar un informe coa Mesa e a AELG sobre cultura galega a Steiner para que isto non morra».

«Falaríamos co Pen e coa AELG para enviar un informe sobre o galego a Steiner. Acompañáremolo cunha carta para reprobar as súas declaracions e para convídalo a coñecer o país. O que nos pasma é que un experto en lingua como Steiner afirme que hai lingua que serven para a universidade e outras que non. Todas as lingua do mundo serven para todos os ámbitos. O seu descoñecemento é preocupante. Como é posible que se lance a dicir que hai unha universidade na que se obriga a falar en galego cando en Santiago dásé en galego unha de cada cinco horas? Parece que non sabe que temos unha literatura medieval fundamental en Europa».

«En Portugal hai un descoñecemento moi grande da cultura galega e da importancia dunha lingua que é tamén a nosa. Os profesores non ensinan aos rapaces que o portugués vén do galego. Iso supón que haxa un divorcio coa raíz da lingua e revela un descoñecemento da importancia do galego na Península Ibérica. A cultura galega é coñecida só en círculos universitarios de Lisboa, Porto e Coimbra, que están aíllados e divorciados. A Xunta de Galicia debería ter unha relación institucional con Portugal e apoiar máis a presenza de autores galegos, áfrida que empezo a facelo ultimamente».

«As declaracions de Steiner son producto do descoñecemento a pesar de ser unha persoa informada. Perante esas declaracions, o lóxico é amosar a indignación e, superada esa fase, reflexionar e asumir que esas declaracions son un síntoma de pouco coñecemento que sobre nos hai na mundo, mesmo nos eidos más informados. Temos que mudar esa carencia nunha oportunidade. Debemos reconecer que a nosa proxección exterior non está soluciónada. As institución deben liderar unha estratexia que sigamos todos. Non resultou afortunado cargar sobre o autor da entrevista, ese non é o problema».

«Steiner está mal informado porque de que o galego é obrigatorio nunha universidade e iso non acontece en ningunha das tres galegas. Hai un fallo no entrevistador, que se comporta coma un trívilo e fai unha pregunta mal formulada. Steiner demostra que se pode ter unha opinión de ignorante ainda sendo un gran sabio; non hai sabio sen erro e el amosa falta de categoría intelectual, ao falar así sobre unha lingua, Steiner comete un pecado de soberbia ao falar por falar por si mesmo desa pregunta rual formulada, que parte dun suposto falso. Se hai un idioma recuperado ou inventado non é o galego ou o catalán, senón o hebreo».